

REGULAMENTO DO SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA A DOMICILIO NO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

Artigo 1.-Fundamento e réxime.

A subministración de auga é un servizo de competencia municipal de conformidade co disposto no artigo 25.2.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 80.2.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

O artigo 26.1.a da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local establece que devandito servizo é de prestación obrigatoria e o a Lei de Administración Local no seu artigo 81.a decláralo como servizo esencial reservado.

Para a elaboración deste regulamento téñense en conta as disposicións que, con carácter xeral, conteñen os artigos 7, 33 e 34 do RSCL, así mesmo a Orde do Ministerio de Industria e enerxía do 9 de decembro de 1975 (BOE 13/1/76) que regula as normas básicas para as instalacións interiores de subministración de auga, ademais do Decreto da Xunta de Galicia 204/1994, de 16 de xuño (DOG do 6/7/1994) que se ocupa das instalacións interiores de subministración de auga nos artigos 7 a 19.

Artigo 2.-Obxecto.

1.-Este regulamento contén a normativa do servizo público de subministración de auga potable do Concello de Ortigueira.

2.-En consecuencia devandito servizo rexerá polo disposto no presente Regulamento, na Ordenanza Fiscal número 9 reguladora da taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e no seu defecto polas normas que lle sexa de aplicación.

3.-A efectos de simplificación, no presente regulamento denominase "abonado" a calquera usuario, sexa persoa física ou xurídica, que teña contratado o servizo de augas.

Artigo 3.-Forma de xestión do servizo.

1. La obligación de contribuir nacerá en el momento de prestarse el servicio, previa la correspondiente solicitud o desde que se utilice éste sin haber obtenido la previa licencia, debiendo depositarse previamente el pago correspondiente al enganche.

2. Establecido y en funcionamiento el referido servicio, las cuotas se devengarán el primer día de cada bimestre natural.

Artigo 4.-Obrigacións do Concello.

Corresponde ó Concello cos recursos o seu alcance, e mentras preste de forma directa o servizo:

a) A conservación, mantemento e explotación das obras e instalacións existentes destinadas a abastecemento de augas e das que nun futuro sexan executadas pola Entidade Local, o Estado, a Xunta de Galicia ou outras Administracións, unha vez se faga a súa entrega ó Concello.

b) A tramitación e execución de acometidas de suministros de auga a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para edificios, locais e recintos ubicados dentro da área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e fosen aprobadas pola Alcaldía.

c) Subministrar auga ós usuarios, garantindo a súa potabilidade con arranxo ás disposicións sanitarias vixentes, ata a chave de rexistro (considerada, con carácter xeral, como inicio da instalación interior do abonado).

d) Informar ós abonados, sempre que sexa posible e polos medios adecuados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan no subministro da auga.

e) Contesta-las reclamacións que lle formulen por escrito no prazo regulamentario.

f) Aplica-los prezos e cadros de tarifas correspondentes ós distintos tipos de subministro que, en cada momento, se teñan aprobadas pola preceptiva Ordenanza Fiscal

h).-O Concello terá potestade para inspeccionar, revisar e informar das instalacións interiores do subministro que, por calquera causa, poidan interferir no funcionamento do servicio.

Artigo 5.-Obrigacións do abonado.

1. Pagar puntualmente os cargos que lle presente o Concello pola prestación dos servicios de subministración de auga, ou polos complementos, de conformidade cos prezos e tarifas aprobados regulamentariamente.

A obrigatoriedade de pagamento esténdese ós casos en que se produzan fugas ou perdas de auga por avarías ou irregularidades na construción ou conservación das instalacións particulares do usuario, ou por calquera outra causa non imputable ó Concello.

2. Usa-la auga corrente obxecto de subministración con suxeición ás normas contidas na lexislación aplicable, neste regulamento e no contrato, e cumprir, se é o caso, coas limitacións e prioridades de uso que se dispoñan regulamentariamente.

3. Respecta-las instalacións da infraestrutura do servicio, as redes de distribución e os empalmes que forman parte integrante do dominio público, e non realizar neles ningunha manipulación ou alteración sen a correspondente autorización.

4. Darlle ó Concello os datos que lle solicite en relación ó contrato de subministración.

5. Conserva-las súas instalacións particulares de xeito que non prexudiquen as redes públicas de subministración nin ó funcionamento do servicio, utilízalas correctamente e respecta-los precintos que garanten a integridade do contador.

6. Comunicarlle ó Concello calquera avaría ou irregularidade das instalacións que poida afectar-lo funcionamento normal do servicio.

7. Permitirlle ó persoal do Concello que estea debidamente acreditado o acceso ás instalacións ou locais onde sexa necesario desenvolver traballos relacionados coa lectura do contador e coa inspección ou reparación das instalacións.

8. Solicitarlle ó Concello a autorización para calquera modificación nas súas instalacións particulares que comporte variación no número de usuarios ou cambio no uso da auga.

9. Se nun mesmo inmovible existe, ó par do servizo público de subministración, auga doutra orixe, o usuario disporá a súa instalación interior de xeito que a súa auga particular non poidan entrar na rede xeral.

10. Tódolos abonados consideranse domiciliados neste Concello, suxeitos á xurisdicción dos Tribunais de demarcación xudicial do Municipio.

BASE IMPONIBLE Y LIQUIDABLE - Artículo 6 redacciones

- Usos domésticos

Tramo	Euros/m3
Hasta 20 m3/bimestre	0,48
Entre 21 e 80 m3/bimestre	0,61
Entre 81 e 200 m3/bimestre	0,73
Más de 200 m3/bimestre	1,21

- Usos no domésticos.

Tramo	Euros/m3
Hasta 20 m3/bimestre	0,96
Entre 21 e 80 m3/bimestre	1,21
Entre 81 e 200 m3/bimestre	1,45
Más de 200 m3/bimestre	2,42

Lo mínimo facturable por abonado será de 20 m³/bimestre

2.- Los derechos de acometida a satisfacer por una sola vez y al efectuar la petición, serán de 95,45 euros.

3.- La tasa de conservación de contadores consistirá en una tarifa en función del diámetro del contador, y actuará a modo de financiación para el mantenimiento y conservación del parque de contadores, de tal modo que en el momento de la sustitución el abonado no tenga que afrontar desembolso alguno.

Diámetro del contador en mm	Euros abonado/mes
De 7 a 13	0,21
15	0,25
20	0,34
25	0,58
30	0,81
40	1,26
50	2,79
65	3,45
80	4,23
100	5,26
150	7,50

En caso de que el abonado no desee la prestación de dicho servicio de conservación de contadores,

4.- La tasa de conservación de acometidas de agua consistirá en la cantidad fija de 0,20 euros por abonado al mes y actuará a modo de financiación para el mantenimiento y conservación de

dichas acometidas, de tal modo que en el momento de la renovación no le suponga coste alguno al abonado.

En caso de que el abonado no desee la prestación de dicho servicio de conservación, deberá comunicarlo expresamente a la empresa concesionaria; en caso contrario, se procederá a su cobro en el primer recibo tras la entrada en vigor de esta Ordenanza.

5. Las tarifas previstas en los puntos 1 y 2 de este artículo se actualizarán cada año, desde el 2005, según el IPC publicado por el Instituto Nacional de Estadística.

Artigo 7.-Prohibicións que atanguen ó usuario.

Os usuarios non poderán:

a) ceder auga de balde ou baixo prezo, ben sexa con carácter permanente ou con carácter temporal, para outros locais ou vivendas diferentes dos recollidos no contrato.

b) pór nos encanamentos de subministración, se a autorización previa do Concello, bombas ou calquera outro aparello que modifique ou afecte as condicións da rede de distribución e que poida interferir no servicio prestado a outros usuarios.

c) utiliza-la auga para fins distintos dos que foron obxecto de contrato, agás fóra de casos de incendios, que poñerán en coñecemento da Administración do Servicio dentro das vinte e catro horas seguintes do sinistro.

d) realizar calquera operación que teña por finalidade que o consumo de auga non sexa rexistrado polo contador ou equipo de medición.

e) establecer ningún ramal entre a toma e o aparato que verifique o aforo, nin facer derivación da instalación para outros locais ou vivendas diferentes ás consignadas na póliza.

f) causar fugas de auga con carácter intencionado ou por negligencia; nin

g) creba-los precintos dos contadores ou equipos de medición, ou fedellar neles.

CAPÍTULO III.-AS INSTALACIÓNS PÚBLICAS DO SERVICIO

Artigo 8.-Elementos materiais da rede pública de subministración.

1. A rede de alta. Abrangue as obras hidráulicas de captación, elevación, estación de tratamento, depósitos de almacenamento -que poden ser de cabeceira, de cola e reguladores-, edificios, dispositivos electromecánicos, encanamentos, conduccións mestras e sistemas de regulación e control.

2. A rede de baixa. Abrangue a rede de distribución necesaria para a subministración ós usuarios e está integrada por canos, arquetas, pezas especiais e bocas de rego e incendios. A rede de baixa pode ser distribución primaria e secundaria.

A rede de distribución primaria é a que está integrada polos canos que enlazan diferentes sectores das áreas abastecidas, e nela non se poden realizar empalmes.

A rede de distribución secundaria é a que está integrada polos canos que discorren ó longo dunha vía pública ou de terreo privado - neste caso, trala constitución da correspondente servidume-, e dela derivan os empalmes.

3. O empalme. É o ramal ou derivación que sae da rede de distribución secundaria máis próxima e leva a auga ó pé do inmovible ou á estrema do terreo a onde vai ser subministrada.

Artigo 9.-O empalme.

1. O empalme estará formado por un cano único de características axeitadas o volume de auga servido e disporá cando menos dunha chave de corte exterior situada nunha caixa na vía pública por diante do inmovible ou terreo, e o máis achegada posible a el.

2. O empalme disporá dos seguintes elementos:

a) O dispositivo de toma, que vai sobre o cano da rede de distribución secundaria e abre o paso do empalme.

b) O ramal ou treito do encanamento, que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

c) A chave de rexistro, que vai ó final do ramal do empalme, na vía pública e achegada á estrema do inmovible ou terreo.

A chave de rexistro constitúe o límite entre as instalacións públicas do servizo e as interiores do usuario e, xa que logo, precisa ata onde chegan as obrigas respectivas de mantemento e reparación por parte do Concello e do usuario.

CAPÍTULO IV.-A SOLICITUDE DE CONEXIÓN Ó SERVIZO

Artigo 10.-Requisitos da solicitude de conexión ó servizo.

. A solicitude de conexión ó servizo deberá conter, como mínimo o nome do peticionario ou a súa razón social, o número do NIF ou CIF, o enderezo e mailo teléfono. A esta información tamén lle haberá que engadi-lo enderezo local ou inmovible para o que se pide a subministración e o uso ó que se destinará a auga.

2. A solicitude de conexión á rede de distribución deberá conte-la seguinte documentación:

a) Se é para un inmovible novo, a licencia de primeira ocupación e o boletín de instalación de fontanería.

b) Se é para unha obra, a licencia urbanística para a súa construción.

c) Se é para unha industria ou comercio, a licencia municipal de apertura e o boletín de instalación de fontanería.

Deberase presentar unha solicitude independente para cada vivenda ou local.

Artigo 11.-Presentación, tramitación e resolución da solicitude de conexión.

1. Os abonos para o servizo solicitaranse calquera que sexa o uso a que se lles destina.
2. A solicitude de conexión será presentada perante o Concello.
3. A Alcaldía do Concello autorizará ou denegará a conexión con suxeición á normativa legal aplicable e tralo informe dos servizos técnicos municipais.
4. A solicitude deberá ser resolta no prazo máis breve posible.

Artigo 12.-Causas de denegación da conexión.

O Concello poderá denega-la conexión cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que o solicitante non presente a documentación esixida.
- b) Que o inmovible non estea situado na área de cobertura do servizo, a non ser que se proceda consonte o que dispón o artigo 17.
- c) Que o inmovible non conte coas instalacións interiores axeitadas por non se axustaren a este regulamento ou á normativa técnica aplicable.
- d) Que algunha parte das instalacións xerais que é preciso ampliar para a realización do empalme teña que discorrer por terreos privados e o solicitante non xustifique a existencia da servidume correspondente.
- e) Que a presión da auga no punto de conexión non sexa abonda para a subministración correcta do servizo, a non ser que se poña por conta do solicitante o grupo de elevación ou mecanismo necesario para corrixi-la devandita deficiencia.

O Concello poderá autoriza-la conexión se o solicitante asume, mediante declaración expresa, as consecuencias da falta de presión.

- f) Que a presión da auga no punto de conexión sexa excesiva para a subministración correcta do servizo, a non ser que se poñan por conta do solicitante as medidas de redución axeitadas.

Artigo 13.-A realización das obras de conexión.

1. A execución das obras de empalme o conexión é competencia exclusiva do Concello que realizará os traballos e instalacións por conta do solicitante e con suxeición ás características técnicas determinadas no expediente e aprobadas polo Concello.
2. A execución das obras de modificación da rede de subministración precisas para a realización da conexión tamén é competencia exclusiva do Concello, que as realizará por conta do solicitante.
3. A concesión e mailas obras de modificación mencionadas no apartado 2 anterior quedarán incorporadas á rede de subministración e serán de titularidade pública.

4. O Concello elaborará e aprobará o orzamento de execución das obras de conexión que lle será notificado ó solicitante xunto coa autorización. O usuario deberalle aboar ó Concello o custo das obras con carácter previo á súa execución.

A conexión será executada polos servizos técnicos no prazo dun mes desde se lle notifique o outorgamento da autorización municipal, agás casos de forza maior

Artigo 14.-Conexións provisionais.

1. Excepcionalmente, o Concello poderá conceder conexións provisionais vinculadas á realización de obras. Estas tomas de auga enténdense outorgadas en precario, e réxense, á pare de polas normas xerais que lles sexan aplicables, polas condicións particulares que se sinalen en cada caso.

2. A toma de auga outorgada con destino á realización dunha obra non se poderá usar, en ningún caso, para vivendas ou locais. O constructor está obrigado a comunicarlle ó Concello a finalización da obra, e daquela a conexión provisional quedará automaticamente sen vixencia. Por esa razón, o uso que se faga da toma de auga a partir desa data rexerá polas condicións xerais de subministración e polas que lle sexan aplicables en función da súa finalidade.

3. O constructor que solicite a conexión provisional con destino á realización dunha obra responderá solidariamente, xuntamente co usuario real, do pagamento do prezo da auga consumida.

Artículo 15

El cobro de la tasa se hará mediante recibos bimestrales. La cuota que no se haya hecho efectiva, dentro del mes siguiente a la terminación del período respectivo, se exigirá por la vía de apremio a los deudores del suministro de agua como queda dicho.

Artigo 16.-Conexión inutilizada.

Cando se finalice ou suspenda o contrato de subministración, a conexión ficará precintada de xeito que non se poida facer uso da mesma. O rehabilitarse a mesma implicará o pago dos dereitos correspondente a unha nova acometida.

Artigo 17.-Pequenas extensións e modificacións da rede de subministración.

1. As pequenas extensións da rede de subministración necesarias para dotar de auga edificacións novas (ou vellas que non estean na área de cobertura do servizo) serán por conta do usuario e integraranse na rede pública.

Por regra xeral, enténdese por pequenas extensións da rede as obras que sexan necesarias cando se dea calquera das seguintes circunstancias:

a) Que existan redes de distribución secundaria na vía pública que discorra á beira do inmovible, pero a nova conexión comporte unha baixada de presión ou de caudal apreciable.

b) Que non exista rede de distribución na vía pública situada á beira do inmovible.

2. Se a rede de subministración existente nunha área urbana determinada non permite satisfacer adecuadamente o consumo que seren as novas solicitudes de conexión, o Concello aprobará o correspondente proxecto técnico de modificación de rede que faga posible a correcta subministración.

Se para realizar unha nova conexión é preciso facer unha prolongación da rede de distribución, o Concello aprobará o correspondente proxecto técnico de ampliación.

Nos casos que prevén os dous parágrafos anteriores, o custo das obras de modificación ou ampliación da rede correrá por conta dos solicitantes da conexión, e as novas instalacións, unha vez executadas, serán de titularidade pública.

As obras de modificación e ampliación mencionadas serán executadas con suxeición ó proxecto e orzamento aprobado polo Concello.

3. As obras de ampliación da rede discorrerán, por regra xeral, por terreos de dominio público. De tratarse de terreos privados, os donos deberán pór á libre disposición do Concello unha franxa de 3,00 m de ancho ó longo do percorrido da rede ou constituír unha servidume a prol do Concello.

4. Como as instalacións resultantes das obras de modificación ou ampliación da rede mencionadas son de titularidade pública, o Concello poderá autoriza-las conexións a ela dos empalmes existentes con anterioridade á realización das obras.

CAPÍTULO V.-AS INSTALACIÓNS INTERIORES

CRITERIOS GENÉRICOS DE CAPACIDAD ECONÓMICA- Artículo 18

El Ayuntamiento podrá conceder una bonificación del 25% de la cuota tributaria de la tasa por abastecimiento de agua, de conformidad con los siguientes criterios:

- Corresponderá la bonificación siempre que la unidad familiar no tenga unos ingresos mensuales ponderados (resultado de multiplicar los ingresos familiares por el coeficiente de ponderación) de cualquier procedencia (salarios, pensiones, desempleo...) superiores al Salario Mínimo Interprofesional vigente para cada año.

Número de miembros de la unidad familiar	Coefficiente de ponderación a aplicar
2	1
3	1
4	0,95
5	0,90
6	0,85
7	0,80
Más de 7	0,75

- La bonificación sólo se extiende de manera completa a la vivienda que constituya la residencia principal del contribuyente.
- Es necesario que ningún miembro de la unidad familiar tenga deudas tributarias pendientes con el Ayuntamiento, y que todos los miembros de la unidad familiar se encuentren

empadronados en el Ayuntamiento de Ortigueira con una antigüedad mínima de un año y tengan residencia habitual en el Municipio.

- La bonificación tendrá carácter anual, aportando la documentación requerida a continuación a efectos de comprobación de los requisitos exigidos.
- La bonificación, que tiene carácter rogado, se otorgará por la Alcaldía cuando, previo análisis de la solicitud y documentación presentada por el interesado e informada por los departamentos de Intervención y Servicios Sociales, se aprecie que concurren las circunstancias objetivas necesarias para su concesión.
- Con carácter general, el efecto de la concesión de bonificaciones comienza a partir del ejercicio siguiente y no puede tener carácter retroactivo; no obstante, cuando el beneficio fiscal se solicite dentro del primer bimestre del año, la bonificación será aplicada dentro del ejercicio al que corresponda la fecha de solicitud.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Solicitud de bonificación
- Certificado de convivencia
- Fotocopia del DNI de cada uno de los miembros de la unidad familiar
- Certificado de empadronamiento en el Municipio
- Justificación documental de los ingresos de la unidad familiar (declaración de la renta, justificantes de pensiones, prestaciones sociales...)

Artigo 19.-Instalacións interiores.

1. Enténdese por instalacións interiores do servizo as existentes en cada inmoble ou terreo a partir da chave de rexistro, e que forman parte integrante del.
2. As instalacións interiores de subministración de auga (non sendo no tocante á colocación do contador, que é competencia do Servizo municipal) deberán ser realizadas por un técnico autorizado e axustaranse ás normas legais de aplicación.
- 3.-E obrigación dos donos participar ó Concello a data en que comencen os traballos de instalación do Servizo de Augas no interior das súas fincas e a data en que rematan as obras, co fin de que poidan ser inspeccionadas.

Artigo 20.-Inspección das instalacións interiores.

1. As instalacións interiores dun inmoble realizadas polo usuario estarán suxeitas á inspección do Concello coa finalidade de comprobar se foron executadas conforme ás normas legais e técnicas aplicables.
2. Cando as instalacións interiores non se axusten ás normas citadas, o Concello denegará a conexión ou, se é o caso, suspenderá a subministración de auga, e comunicaráselle ó interesado para que corrixa as deficiencias rexistradas no prazo que se lle sinala.

Artigo 21.-Conservación das instalacións interiores.

1. O usuario será responsable da conservación e mantemento das instalacións interiores do servizo e estará obrigado a amañar pola súa conta os danos e avarías que sufran. As reparacións deberanse realizar no prazo máximo de cinco días naturais desde se produza o dano ou avaría.

2. Se o estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmovible ou terreo constitúe un perigo para a seguridade das persoas ou unha ameaza de dano inminente para as cousas, o Concello poderá suspender a subministración de auga de xeito inmediato, notificándollelo así mesmo ó usuario .

3. Cando exista perigo de danos inminentes e graves para as persoas ou para as cousas derivado do estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmovible, o Concello poderá realizar por si mesmo as obras imprescindibles para evitalo e poderá facer repercutir no usuario responsable os gastos orixinados.

4.-Serán de conta do dono as modificacións ou reformas que sexa preciso facer nas instalacións con motivo de colocación de contadores ou por outra causa calquera, a xuízo do técnico do servizo.

CAPÍTULO VI.-OS CONTADORES

Artigo 22.-A medición do consumo de auga.

1. A medición do consumo de auga que servirá de base á facturación realizarase por medio de contadores.

Os contadores serán dalgún dos modelos oficialmente homologados e verificados pola autoridade administrativa competente, debéndose instalar:

a) Para uso doméstico, mínimo 13 m/m

b) Para uso industrial, mínimo 20 m/m

2. Toda vivenda unifamiliar ou local en que se realicen actividades comerciais, industriais, profesionais ou de servizos disporá dun contador individual que será propiedade do usuario.

Se nun inmovible hai máis dunha vivenda ou local, cada un deles disporá dun contador independente, sen prexuízo do que corresponda para os servizos comúns.

3. Nas comunidades de propietarios con contador xeral, a facturación mínima esixible (e, se é o caso, a cota de mantemento) será a que resulte de multiplica-los valores correspondentes a cada vivenda polo número de vivendas ou locais que constitúan o inmovible, ó que haberá que sumarlle o que corresponda ós servizos comúns.

4. Cando nun local coexistan varias clases de usos, poranse contadores independentes para cada un deles, pero, se por razóns técnicas soamente puidese haber un, o consumo total será facturado conforme á tarifa máis alta das aplicables.

Artigo 23.-Situación ou posición dos contadores.

1. Os contadores estarán situados nun lugar axeitado e accesible, preto da chave de paso, á altura do baixo e na parte de fóra do inmovible.

2. No caso de vivendas colectivas, os contadores irán nun compartimento ou caixa, en sistema de batería, no baixo do inmovible e nunha zona de uso común con acceso directo desde o portal de entrada.

3. O Concello poderá esixir a recolocación dun contador por non estar en lugar axeitado.

Artigo 24.-Colocación dos contadores.

1. . Para outorgar novas pólizas de abono será indispensable que o usuario adquira o contador, que para cada caso se fixa neste Regulamento, o cal poñerá a disposición do Servizo municipal para a súa instalación..

Artigo 25.-Conservación dos contadores.

1. É obriga do usuario conservar e mante-lo contador en perfecto estado de funcionamento.

2. O contador só poderá ser obxecto de manipulación polos empregados do Concello. As operacións de mantemento, reparación e, se é o caso, substitución serán realizadas baixo a supervisión do persoal do Concello e por conta do usuario.

3. Cando se comprobe a existencia de irregularidades ou avarías no contador, o Concello disporá que repoña o contador amañado ou novo no prazo de quince días, de non facelo instalarao o Concello por conta do usuario, ou ben poderá suspende-la subministración de auga.

4. O Concello poderá establecer unha taxa fixa de aplicación xeral para a conservación e substitución de contadores por medio da correspondente ordenanza.

Artigo 26.-Desmontaxe de contadores.

1. A montaxe e desmontaxe de contadores será sempre realizada polo persoal do Concello

2. Procederá a desmontaxe polas seguintes circunstancias:

a) Por finalización do contrato de subministración.

b) Por avaría do aparello de medida, aínda que non exista reclamación do usuario.

c) Por renovación periódica dos contadores.

d) Por alteración do réxime de consumo, de tal maneira que supere a capacidade teórica do contador.

Artigo 27.-Verificación de contadores.

O Concello resérvase o dereito de comprobar cando o considere necesario ou oportuno, todo aparato contador se se estima un funcionamento dubidoso.

CAPÍTULO VII.-CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

Artigo 28.-Suxeitos do contrato.

1. O contrato de subministración de auga formalizarase entre Concello e o titular do dereito de uso do inmovible ou local ó que se lle vai face-lo servio.
2. Se o contratante é o arrendatario ou un posuidor precarista, precisará da autorización do dono do inmovible. Esta autorización comportará que o dono asume, ante o Concello, a responsabilidade solidaria das obrigas derivadas do contrato de subministración.
3. Se o solicitante do servio é unha comunidade de propietarios, intervira en nome dela o seu representante legal.
4. Cando a subministración de auga sexa con destino a unha obra, o solicitante será o titular da licenza urbanística ou o contratista encargado da execución desta.

Artigo 29.-Incapacidade para contratar.

Están incapacitadas para contrata-lo servio de subministración de auga as persoas que xa fosen usuarias del con anterioridade e desen lugar á suspensión ou resolución do contrato por incumprimento das súas obrigas. Cesará a incapacidade se a persoa á que lle afecta -ou calquera outra en nome dela- cumpre as obrigas que motivaron a suspensión ou resolución do contrato.

Artigo 30.-Obxecto do contrato.

1. Os contratos de subministración de auga referiranse a unha vivenda, local, industria ou obra que constituía unha unidade independente.
2. A subministración de auga enténdese adscrita ó uso para o que se conveu e non se pode dedicar a outros fins, agás nos casos previstos no presente Regulamento.

Artigo 31.-Duración do contrato.

O contrato sinalará o prazo de vixencia da subministración e entenderse prorrogado tacitamente polo mesmo período, a non ser que con un mes de antelación o usuario lle comunique ó Concello, de xeito expreso e por escrito, o seu desexo de dalo por rematado.

Artigo 32.-Cambio de usuarios.

Cando se produza un cambio de titularidade no dereito de uso do inmovible ou industria obxecto de subministración, o novo titular deberallo comunicar ó Concello no prazo de un mes coa finalidade de facer un novo contrato.

Artigo 33.-Forma do contrato.

O contrato de subministración de auga formalizarase por escrito con suxeición ós modelos aprobados polo Concello.

CAPÍTULO VII.-CONDICIÓNS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

Artigo 34.-Garantía de presión e caudal.

1. O Concello está obrigado a presta-lo servizo de subministración de auga coa presión da rede á altura do rasante da vía pública pola que cada inmoible teña a súa conexión.
2. Se as condicións técnicas da subministración (presión e/ou caudal) non son suficientes para satisfacer-las necesidades do usuario, este deberá realizar pola súa conta e cargo as instalacións necesarias para conseguir aquelas condicións, recorrendo a sistemas e materiais que estean homologados pola administración.

Artigo 35.-Continuidade do servizo.

Non sendo por causa de forza maior ou avarías nas instalacións públicas, o Concello ten a obriga de manter permanentemente o servizo nas condicións sinaladas no artigo anterior.

Artigo 36.-Suspensións temporais do servizo.

1. O Concello poderá suspender temporalmente o servizo nos seguintes casos:
 - a) Cando sexa imprescindible para realizar traballos de mantemento, de reparación ou de melloras nas instalacións públicas.
 - b) No suposto de perda das condicións de potabilidade da auga que comporte un risco para a saúde dos usuarios.
 - c) Por causas de forza maior.
2. Cando se produzan cortes previstos e programados, o Concello deberá preavisar ós usuarios, cando menos con vintecatro horas de antelación, por medio de anuncios nun medio de comunicación ou nos lugares públicos de costume.

Artigo 37.-Reservas de auga.

1. Sen prexuízo do que dispoña a normativa específica aplicable, os usuarios que desenvolvan actividades industriais, comerciais ou de servizos nas que se precise a auga do xeito ininterrompido e inescusable para preservar-la saúde pública e a seguridade das persoas e dos bens deberá dispor de depósitos de reserva con capacidade abonada e adoptar-las medidas precisas para garantir-la continuidade das citadas actividades.
2. A mesma obriga lle compete ós usuarios que destinen a auga ó funcionamento de aparellos ou instalacións industriais que se poden ver danados como consecuencia dunha interrupción ou

diminución na subministración, de xeito que deben asegura-lo seu autoabastecemento cando menos durante 24 horas.

3. O Concello non é responsable dos danos e perdas que se poidan producir como consecuencia de que os usuarios non cumpran as obrigas previstas nos dous apartados anteriores.

Artigo 38.-Restriccións na subministración.

1. O servizo de subministración de auga corrente ten por finalidade satisfacer as necesidades da poboación, e preferentemente as derivadas dos usos domésticos. A utilización da auga para outras finalidades estará suxeita a que as necesidades de abastecemento da poboación o permitan.

2. Sen prexuízo do que dispoña a normativa legal aplicable, ó Concello, poderá restrinxir ou suspender a subministración de auga para usos non domésticos, sen que iso comporte ningunha obriga de indemnización.

CAPÍTULO IX.-LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓN

Artigo 39.

Como norma xeral non se permitirá ós particulares e Empresas utilizar augas das fontes públicas para usos industriais ou de obras.

Artigo 40.-Periodicidade da lectura dos contadores.

1. De conformidade co establecido na Ordenanza fiscal reguladora das taxas por suministro de auga, as lecturas dos contadores faranse trimestralmente.

2. A facturación de consumo realizase con carácter trimestral e de conformidade co cadro de tarifas da ordenanza reguladora da taxa do servizo.

Artigo 41.-Lecturas.

1. A lectura farase en horario que vai das 9:00 ás 21:00 horas, e realizaraa persoal autorizado polo Concello, que levará a súa correspondente credencial.

2. Cando por causas alleas ó Concello non fose posible face-la lectura dun contador, o empregado deixará aviso da súa visita por medio dunha nota que recollerá aquela circunstancia e coa que se achegará un impreso de lectura.

Neste caso, o usuario cubrirá por si mesmo o impreso de lectura e deberallo devolver ó Concello no prazo dos seis días seguintes á visita do lector.

Artigo 43.-Consumos calculados.

1. Cando non sexa posible coñecer o consumo realmente realizado por un usuario por mor dunha avaría no equipo de medición, a facturación calcularase segundo o consumo rexistrado durante o mesmo período de tempo do ano anterior, e de non existir este, conforme á media aritmética dos seis meses anteriores.
2. No caso de que non existan datos históricos para calcula-lo consumo consonte o que se di no parágrafo anterior, os consumos facturarase polo mínimo esixible.
3. Os consumos calculados de conformidade co que dispoñen os dous apartados anteriores terán carácter definitivo no caso de avaría no contador, e provisorio noutros supostos. Nestes últimos, logo de que se obteña a lectura real, o consumo calculado compensarase por exceso ou por defecto na facturación correspondente ó seguinte período.
4. Cando se produza unha avaría no contador, o abonado substituirá o máis axiña posible e dentro do prazo establecido no presente regulamento, en caso de non facelo, practicaráselle a liquidación correspondente por un consumo de tres (3) Tm. día.
5. Se por ausencia do usuario non fose posible ler o contador durante tres períodos de facturación consecutivos facturarase ó mínimo previsto na Ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 42.-Determinación do consumo.

1. O consumo de cada usuario determínase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.
2. O Concello soamente terá en conta para a facturación a medición resultante do contador debidamente homologado e instalado.
3. As fugas de auga que se produzan nas instalacións interiores e sexan rexistradas polo contador seránlle facturadas ó usuario de acordo coas tarifas correspondentes.
4. Se o persoal encargado de facer as lecturas do contador detecta a través das mesmas consumos desproporcionados ou fóra do común, poderá comunicarllo ó usuario para que faga as comprobacións oportunas nas súas instalacións interiores.

Artigo 44.-Facturas e recibos.

As facturas e recibos emitidos polo Concello deberán levar, cando menos, os seguintes datos: a) enderezo do inmovible obxecto de subministración; b) enderezo ó que se dirixe a notificación, se é distinto do anterior; c) tarifa aplicada; d) lecturas do contador que determinan o consumo, xunto coas datas destas que definen o prazo de facturación;

Artigo 45.-Forma de pagamento das facturas e recibos.

O usuario poderá pagar o importe do recibo emitida polo Concello na Oficina de Recadación municipal ou nas entidades de crédito

Artigo 46.-Anuncio e prazo de pagamento e vía de constrinximento.

1. O usuario disporá do prazo de dous meses para face-lo pagamento en vía voluntaria.
2. O prazo anterior compútase desde a publicación do correspondente anuncio no taboleiro de edictos do Concello e Boletín Oficial da Provincia.
3. Transcorrido referido prazo o Recadador Municipal procederá a tramitación do expediente para o cobro por vía de constrinximento de conformidade ca lexislación aplicable..

CAPÍTULO X.-SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

Artigo 47.-Corrección de erros na facturación.

1. O usuario poderá obter do Concello calquera información tocante ás lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobramentos, tarifas aplicadas e, en xeral, a calquera cuestión relacionada coa subministración prestada nos dous anos anteriores á presentación da solicitude.
2. Nos casos en que por erro imputable ó Concello se facturasen cantidades inferiores ás realmente debidas, o usuario terá dereito a que se lle fraccione o pagamento das diferencias ó longo dun período de tempo igual a aquel ó que se refiren as facturacións erróneas, ata o máximo dun ano.
3. Cando o usuario lle presente ó Concello unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de xeito breve e claro os conceptos e fundamentos nos que se basee e achegará os xustificantes de pagamentos e calquera outra documentación que corresponda.

O Concello deberá resolve-las reclamacións de devolución dos usuarios por ingresos indebidos dentro do prazo establecido regulamentariamente.

4. O usuario ten dereito a que o Concello lle devolva os ingresos que percibira de xeito indebido. A devolución deberase realizar no período que establece a lexislación aplicable contado desde que se tivo coñecemento do erro que se orixinou.

Artigo 48.-Causas de suspensión da subministración.

1. O Concello poderá suspender-la subministración de auga ós usuarios polas seguintes causas:
 - a) Por falta de pagamento da facturación por subministración de auga, transcorrido o prazo de tres meses desde rematase o período de pagamento en vía voluntaria.
 - b) Por inexistencia de contrato que abeire a subministración.
 - c) Por falta de pagamento dunha licitación firme por fraude no uso da auga, transcorrido o prazo de quince días desde lle fose presentada para a súa cobranza.
 - d) Por mor de que o usuario poña nas súas instalacións de subministración, sen autorización do Concello, bombas ou calquera outro aparello que poida afecta-la rede de distribución do seu contorno e o servizo prestado a outros usuarios.

e) Por mor de que un usuario derive ou permita a derivación de auga desde as súas instalacións a outros inmobles, terreos, edificacións ou locais diferentes ós sinalados no contrato.

f) Por mor de que o usuario non lle permita a entrada no seu inmovible ou local ó persoal autorizado do Concello, se se pretende a mesma dentro do horario previsto neste regulamento e ten por finalidade revisar ou inspecciona-las instalacións. A negativa do usuario a permiti-la entrada constatarase perante dúas testemuñas ou un axente da autoridade.

g) Por mor de se atoparen derivacións clandestinas de auga desde as instalacións da rede pública de subministración. Enténdese por derivacións clandestinas as realizadas sen contrato nin autorización do Concello. Nestes casos, o Concello poderá suspender-la subministración de xeito inmediato.

h) Por mor de que o uso que lle dea á auga o usuario ou o estado das súas instalacións interiores poidan afectar negativamente as condicións de potabilidade na rede de distribución. Neste caso o Concello poderá suspender-la subministración de xeito inmediato.

i) Por mor de que o usuario non cumpra a orde de modificación das condicións da caixa do contador, de substitución do contador ou de reparación da instalacións interiores para adecualas ás condicións regulamentarias.

l) Por non ser posible a lectura do contador durante tres períodos de facturación consecutivos e o pagamento dos recibos non estivese domiciliado nunha entidade bancaria,.

ll) Por negligencia grave do usuario na conservación das súas instalacións.

m) Por utilización inapropiada da auga doméstica para regar ou para outros usos diferentes dos contratados, sempre e cando a facturación supere o 150% do mínimo que lle correspondería ó uso autorizado.

n) Por infracción das restriccións ou prohibicións de usos da auga legalmente adoptadas.

ñ) A potestade de suspensión da subministración enténdese que o é sen prexuízo das outras accións legais que sexan procedentes para esixirlles ós usuarios as responsabilidades en que puidesen incurrir.

Artigo 49.-Procedemento de suspensión da subministración.

1. O Concello está autorizado para a suspensión inmediata da subministración nos casos que prevé este regulamento. En todos eses supostos, deberalles comunica-la suspensión o máis axiña posible, ó usuario afectado.

2. No resto dos casos, o Concello deberalles notificar previamente e por escrito ó usuario as causas en que se basea a suspensión.

Ó usuario advertiralle expresamente que se no prazo de dez días contados desde reciba a notificación no desaparecen aquelas causas, levará a efecto a suspensión da subministración.

A notificación da suspensión conterá os seguintes datos: a) nome e enderezo do usuario; b) nome e enderezo do inmovible afectado; c) data a partir da que se producirá ou, se fose o caso, se produciu, a suspensión; c) causas que motivan a suspensión; e d) nome, enderezo, teléfono

e horario de atención ó público da oficina municipal onde se poderá obter información para repara-las causas que motivan a suspensión.

3. O Concello reporá a subministración no mesmo día ou día solto seguinte a aquel no que se corrixiron as causas en que se baseara a suspensión, e tralo pagamento dos dereitos que procedan de conformidade co establecido no presente regulamento e na Ordenanza Fiscal correspondente.

4. Transcorridos tres meses desde se producise a suspensión sen que o usuario emendara as causas que a motivaron, o Concello poderá resolver unilateralmente o contrato, sen prexuízo dos dereitos que lle correspondan por facturacións pendentes e indemnizacións de danos e perdas.

Artigo 50.-Extinción da subministración.

1. A subministración de auga extinguirase:

a) por pedimento do usuario;

b) por pedimento do dono do inmovible aínda que non sexa o usuario, sempre que probe que este perdeu o dereito de uso do inmovible;

c) por derrubamento, destrución ou modificación substancial do inmovible ó que estaba destinada a subministración.

e) por decisión do Concello nos seguintes casos: 1) no suposto que prevé o apartado 4 do artigo anterior; 2) no suposto de que o beneficiario do servizo non teña a calidade de usuario, isto é, non dispoña de contrato de subministración ó seu nome; e 3) por cambio do uso ó que está destinada a subministración; 4) cando o uso da auga ou as condicións das instalacións interiores do inmovible comporte perigo para a seguridade da rede, para a potabilidade da auga ou para os bens de terceiros, e se trate de irregularidades non emendables; e 5) cando o usuario incumpra as condicións do contrato de subministración.

Artigo 51.-Retirada do contador.

Unha vez extinguido o contrato, o Concello retirará o contador e porao a disposición do usuario durante o prazo de tres meses. Se o usuario no se fai cargo del no citado prazo, enténdese que renuncia á súa propiedade.

CAPÍTULO XI.-INFRACCIÓN FRAUDULENTAS, INSPECCIÓN E RESPONSABILIDADE

Artigo 53.-Inspección.

1. Cando o Concello teña coñecemento da realización dunha infracción fraudulenta por parte do usuario, requiriralle por escrito que a corrixa no prazo de tres días e advertiralle que de transcorre-lo devandito prazo sen que o fixese suspenderá a subministración da auga.

2. Se a infracción consiste na derivación ilegal de caudal, o Concello poderá suspender de xeito inmediato a subministración.

3. Se co gallo da comprobación dunha denuncia por infracción fraudulenta, o usuario lle denega a entrada no inmovible ó persoal inspector, o Concello poderá suspender de xeito inmediato a subministración.

Artigo 52.-Infraccións fraudulentas.

Constitúen infraccións fraudulentas:

- a) a inexistencia de contrato que abeire a subministración de auga;
- b) a manipulación do contador ou equipo de medición de consumo da auga;
- c) a existencia de derivacións do caudal antes do equipo de medición; e
- d) a utilización da auga parra usos diferentes dos contratados, con prexuízo na facturación por aplicación doutra tarifa.

Artigo 54.-A liquidación por fraude.

1. Cando non exista contrato que abeire a subministración, o Concello liquidará unha facturación por fraude resultante de aplicar a tarifa correspondente polo uso da auga a un consumo de tres (3) Tm.de auga/día durante o prazo que vai desde a adquisición do dereito do uso do inmovible ata que se emende a existencia de fraude. En calquera caso, a duración dese prazo non será nunca inferior a un mes nin superior a seis meses.

2. Cando o fraude consista na manipulación do contador ou equipo de medición, o Concello liquidará unha facturación que tome como base un consumo de tres (3) Tm. de auga/día desde a data da última verificación oficial do contador. A duración mínima dese prazo non será inferior a un mes nin superior a un ano. Descontaranse da liquidación os consumos correspondentes a ese período que xa foran aboados polo usuario.

3. Se o fraude consiste na derivación de caudais de auga antes do equipo de medición, a liquidación realizarse coma no apartado 1 anterior e sen que se desconte a auga medida polo contador.

4. Cando se utilice a auga para outros usos diferentes ós contratados, con prexuízo na facturación, a liquidación realizarse aplicándolle ó volume de auga consumido a diferenza entre a tarifa correspondente ó uso real da auga e a contratada durante o período de que se trate. Este período non será inferior a un mes nin superior a un ano.

5. En tódolos casos de actuación por fraude, a liquidación estará suxeita ós impostos legalmente aplicables.

6. O Concello notificaralle a liquidación ó usuario coa advertencia dos recursos que contra a mesma cabe interpoñer.

7. A utilización fraudulenta da auga ou incumprimento no presente regulamento por parte dos usuarios poderá dar lugar á imposición dunha multa de 5.000 a 50.000,- pesetas, sinalada pola Alcaldía atenéndose á gravidade e importancia da falta, sen prexuízo de retirarlle temporal ou definitivamente o servizo.

Artigo 55.-Responsabilidade penal por fraude.

O que dispoñen os artigos anteriores enténdese sen prexuízo da responsabilidade penal por defraudación en que poida incorre-lo usuario infractor, de conformidade cos artigos 255 e 623 do Código Penal.

CAPÍTULO XII.-DEREITO DE INFORMACIÓN, RECLAMACIÓNS E RECURSOS

Artigo 56.-Dereito de información e queixa.

1. Os usuarios teñen dereito a obter do Concello información oral ou por escrito de tódalas cuestións que atangan ó seu contrato e ás condicións de prestación do servizo.
2. Os usuarios poderán presentar queixas e suxestións verbo do funcionamento do servizo no Rexistro Xeral do Concello.
3. O Concello informará ó usuario, no prazo máis breve posible, das actuacións realizadas e das medidas que, de se-lo caso, vaia adoptar.
4. Se como consecuencia de calquera queixa ou suxestión presentada ou do expediente que dela derive houberse indicios do funcionamento anormal do servizo, o Concello iniciará as actuacións legalmente procedentes para corrixi-la irregularidade e aclara-las responsabilidades que procedan.

Disposición derradeira.

O presente regulamento que consta de 56 artigos e unha disposición derradeira, entrará en vigor, unha vez aprobado polo definitivamente polo Concello Pleno e publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, decorrido o prazo revisto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 abril